



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA  
Secretaría Xeral de Emprego

galicia

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DO CENTRO DE ESTUDOS COOPERATIVOS (CECOOP).**

En Santiago de Compostela, 29 de maio de 2017

**REÚNENSE:**

Dunha parte, Don Francisco José Conde López, Conselleiro de Economía, Emprego e Industria, en nome e representación desta consellería en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/83, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como o parágrafo segundo da Resolución do 8 de abril de 1991 pola que se publica o acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991.

Doutra, D. Juan Manuel Viaño Rey, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, que actúa en nome e representación da Universidade, segundo o establecido no artigo 20.1 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades e no Decreto 62/2014, do 28 de maio, da Xunta de Galicia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

**EXPOÑEN:**

**Primeiro.-** O día 24 de xuño de 2002 a Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela asinaron un Convenio de colaboración para a creación do Centro de Estudos Cooperativos da Universidade de Santiago de Compostela (CECOOP), culminando así un proceso de colaboracións anteriores en temas cooperativos entre o Departamento de Dereito Mercantil e do Traballo da Universidade de Santiago de Compostela e a Consellería de Economía, Emprego e Industria (entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais).

**Segundo.-** O Centro de Estudos Cooperativos é un centro de carácter mixto constituído pola Universidade de Santiago de Compostela, Departamento de Dereito Mercantil e do Traballo e a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Emprego, e ten vixencia indefinida. Sen prexuízo da aplicación das normas xerais de carácter administrativo, o CECOOP réxese polo disposto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA  
Secretaría Xeral de Emprego

galicia

decembro, de universidades, polos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela e demais normas que lle son de aplicación, así como polo Regulamento relativo a Institutos Universitarios Mixtos.

**Terceiro.-** O CECOOP ten por obxecto a procura da formación e investigación do cooperativismo galego, nacional e internacional.

Son finalidades do CECOOP a investigación, formación e realización de estudos que con carácter xeral teñan relación coa economía social e, en concreto, co cooperativismo. Para o cumprimento dos seus fins, o CECOOP disporá de fondos bibliográficos e arquivos no Departamento de Dereito Mercantil da Universidade de Santiago de Compostela.

**Cuarto.-** A Universidade de Santiago de Compostela e a Xunta de Galicia consideran esencial a colaboración na realización de accións tendentes a un mellor coñecemento do cooperativismo en Galicia e por ende a un mellor desenvolvemento económico da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Quinto.-** A Lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2017, no capítulo de transferencias correntes, recolle nominativamente o convenio co CECOOP na aplicación orzamentaria 09.40.324C.444.1. Unida esta circunstancia á finalidade de marcado carácter social que desempeña a Universidade de Santiago de Compostela a través do Centro de Estudos Cooperativos na promoción, impulso e desenvolvemento do coñecemento, a investigación e a difusión de materias relacionadas co cooperativismo, e ao feito de que se trate do único Centro Universitario de carácter mixto dedicado á investigación, formación e estudo do cooperativismo nas súas dimensións económica e xurídica, xustifícase, ao abeiro dos artigos 19.4.a e 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a formalización dun convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización das ditas accións, sen promover a concorrência pública.

**Sexto.-** A Universidade de Santiago de Compostela non está incursoa en ningunha das prohibicións recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo iso, formalizan o presente Convenio de conformidade coas seguintes

#### **CLÁUSULAS:**



**PRIMEIRA.-** O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización das actividades do Centro de Estudos Cooperativos.

**SEGUNDA.-** O Centro de Estudos Cooperativos, para o cumprimento dos seus fins propios, levará a cabo durante o ano 2017 as seguintes actividades en temas cooperativos e de economía social:

1. Participación activa en sesións de dirección, de execución e científicas de CIRIEC España, do CIRIEC Internacional e da RED UNIES.
2. Participación, en coordinación co CIRIEC e a Consellería de Economía, emprego e Industria, na organización do coloquio Ibérico de Cooperativismo e Economía Social.
3. Fomento da participación de investigadores do CECOOP en actividades de docencia e formación de investigadores.
4. Impulso e coordinación de actividades da Rede Eusumo na Universidade de Santiago de Compostela.
5. Mantemento do repositorio accesible a través de internet, de lexislación vixente, xurisprudencia e sentenzas de todas as instancias en materia de cooperativas e economía social, estruturado por temáticas, que se actualizará cunha periodicidade mínima bimensual.
6. Posta en marcha dun sistema permanente, cunha periodicidade mínima bimensual, de vixilancia comparativa entre as distintas comunidades autónomas así como os principais países europeos de referencia, acerca das novidades normativas que poidan resultar de interese para a súa traslación a Galicia.  
En especial, no primeiro mes de vixencia do convenio, analizaranse as figuras de microcooperativas ou cooperativas constituídas por dous socios, as cooperativas de impulso empresarial e as cooperativas de emprendedores, con estudo das modificacións legais necesarias para a súa hipotética implantación.
7. Realización dun estudo de necesidades e propostas de modificación da Lei de cooperativas de Galicia, para a súa adecuación á realidade social e xurídica actual.
8. Ampliación do estudo de necesidades e propostas para a modificación do Regulamento de Rexistro de Cooperativas, incorporando antes do 1 de novembro de 2017, propostas de solución técnica e normativa.
9. Adquisición de bibliografía especializada.
10. Mantemento e actualización da web da CECOOP así como a reposición de material funxible necesario para o cumprimento dos seus fins.
11. Cooperación coa Secretaría Xeral de Emprego nos temas de interese conxunto.



**TERCEIRA.-** A Consellería de Economía, Emprego e Industria comprométese a facilitarlle ao CECOOP a información necesaria acerca da operativa rexistral, e a prestar a colaboración necesaria para o desenvolvemento das actuacións.

**CUARTA.-** A Consellería de Economía, Emprego e Industria contribuirá o financiamento das actividades que realice o CECOOP durante o ano 2017, aínda que sexan anteriores á sinatura do convenio, coa cantidade de **DEZAOITO MIL OITOCENTOS EUROS (18 800 €)**, con cargo á partida orzamentaria 09.40.324C.444.1 da Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para 2017.

**QUINTA.-** O libramento de fondos a favor da Universidade de Santiago de Compostela farase do seguinte xeito:

- Mediante pagamentos parciais, na medida que se xustifiquen os gastos e pagos á conta da liquidación definitiva, ata un 80% do financiamento achegado pola Secretaría Xeral de Emprego. A xustificación dos custos farase mediante certificación detallada dos gastos e pagos realizados emitida polo órgano da Universidade de Santiago de Compostela que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da actividade obxecto deste convenio e da aplicación dos fondos destinados a tal fin.
- O importe restante aboarase unha vez xustificadas a totalidade dos gastos realizados, polo importe dos fondos achegados por esta consellería de conformidade co establecido no parágrafo anterior.
- Con carácter previo ao libramento de fondos, o beneficiario deberá achegar unha declaración responsable de estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da comunidade autónoma, nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.
- No momento da xustificación total dos gastos, a Universidade de Santiago de Compostela achegará unha memoria descritiva do contido das accións desenvolvidas polo Centro de Estudos Cooperativos; ademais presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes de resolución, para a mesma actividade, das distintas administracións públicas.

A xustificación dos gastos realizados en execución do presente convenio remitirase, en todo caso, a esta consellería antes do 1 de decembro de 2017.



Para o suposto de que os gastos que se xustifiquen sexan inferiores ao financiamento acordado, deducirase do pagamento a parte non xustificada.

**SEXTA.-** A Universidade de Santiago de Compostela asume o compromiso de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

**SÉTIMA.-** De conformidade co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, esta axuda será publicada na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, a entidade asinante deberá dar cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da entidade á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, outorgase consentimento para que se publiquen as axudas concedidas, nos rexistros públicos referidos con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade.

De conformidade coa Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste convenio, serán incluídos nun ficheiro denominado Relacións administrativas coa cidadanía e entidades cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA  
Secretaría Xeral de Emprego

galicia

informar ás persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Consellería de Economía, Emprego e Industria, Secretaría Xeral Técnica. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria, Secretaría Xeral Técnica, mediante envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Economía, Emprego e Industria, Secretaría Xeral Técnica. Edificio Administrativo San Caetano, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña) ou a través de correo electrónico a: [lop.d.industria@xunta.es](mailto:lop.d.industria@xunta.es).

**OITAVA.-** Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, dará lugar á modificación da axuda e eventualmente á súa revogación.

**NOVENA.-** A sinatura deste convenio non supón relación laboral, contractual ou de calquera tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e as institucións que o asinaron, de tal xeito que non se lle pode esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

**DÉCIMA.-** Este convenio ten carácter administrativo, e os seus efectos réxense polo establecido nas súas cláusulas, pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia; Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; Regulamento da Lei xeral de subvencións, aprobado mediante o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia; o Acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 27 de marzo de 1991 e feito público mediante Resolución da Consellería de Economía e Facenda de 8 de abril de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, e demais normativa xeral que lle sexa de aplicación.

En especial, o convenio quedara sometido ao disposto no artigo 11, sobre obrigas dos beneficiarios, no artigo 15, sobre publicidade das subvencións, no artigo 17.3. sobre financiamento das actividades subvencionadas, no artigo 32, sobre as causas de invalidez da resolución da concesión, e no artigo 33, sobre as causas de reintegro, da referida Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, sendo aplicables os principios do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o



texto refundido da Lei de contratos do sector público para resolver as dúbidas e lagoas que poidan presentarse.

**DÉCIMO PRIMEIRA.-** Para o seguimento da execución do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poida xurdir, prevese a creación dunha comisión mixta integrada por representantes das partes. En caso de persistir as desavinzas, elevarase a resolución do conflito ao Conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses para actos expresos (agás as actuacións en vía de feito), segundo o disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desta xurisdición.

Para tales efectos, o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Non obstante, contra os actos da Administración poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que os ditou, no prazo dun mes para actos expresos e en calquera momento a partir do día seguinte no que se produza o acto presunto, para os que non o sexan, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

**DÉCIMO SEGUNDA.-** A Consellería de Economía, Emprego e Industria pode comprobar cando o estime oportuno a execución do convenio.

**DÉCIMO TERCEIRA.-** Serán causas de resolución do presente convenio: o mutuo acordo das partes, o incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas, así como as establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procedendo, se fora o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devindicados dende o momento do seu pagamento ata a data no que se acorde a procedencia do reintegro.

**DÉCIMO CUARTA.-** O convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e terá efectos desde o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2017.

Non obstante, poderase denunciar pola parte que considere vulnerado o espírito del por incumprimento dalgunha das súas cláusulas.

A denuncia deberá efectuarse comunicándollo á outra parte, mediante escrito



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA  
Secretaría Xeral de Emprego

fundado e cunha antelación mínima dun mes. Salvo acordo expreso en contrario, deberán finalizar as accións xa iniciadas.

Lido por ambas as dúas partes, por si mesmas e como proba de conformidade asínano e rubrícano por triplicado, no mesmo lugar e data que se indica ao comezo.

POLA XUNTA DE GALICIA

O conselleiro de Economía, Emprego e  
Industria

POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

O Reitor

Francisco José Conde López

Juan Manuel Viaño Rey